

Asociación Deportiva DARDOS GALICIA.



REGULAMENTO DE LIGA

TEMPADA 2011-12

WEB: www.addardosgalicia.com
Email: info@addardosgalicia.com

1. Inscripcións.

- 1.1. A inscrición na liga e copa galega organizadas pola Asociación Deportiva DARDOS GALICIA será a nivel de equipos. Será obrigatorio participar en ambas as dúas competicións.
- 1.2. Os equipos inscribíranse nos prazos marcados pola asociación antes do inicio da tempada e, eventualmente no caso de haber prazos libres nas divisións inferiores, antes do inicio da segunda volta.
- 1.3. Os equipos encadraranse en divisións segundo os resultados obtidos na liga inmediatamente anterior. Estas divisións denominaranse División de Honra, Primeira División, Segunda División A, Segunda División B, etc.
- 1.4. Cada un dos equipos estará constituído por 3 cargos (presidente, delegado e capitán) e máis xogadores. Para poder ostentar cargo nun equipo será requisito indispensable ser asociado. Varios cargos poderán ser asignados a mesma persoa.
- 1.5. Estes cargos deberán recaer sobre membros do propio equipo agás do cargo de presidente. O cargo de delegado non poderá ser outorgado a unha persoa que xa sexa delegado noutro equipo, ben sexa na liga absoluta ou na feminina.
- 1.6. Os equipos da liga absoluta constarán dun mínimo de 5 xogadores (cargos incluídos) e como máximo de 12. Os equipos da liga feminina constará dun mínimo de 2 e un máximo de 6.
- 1.7. As mulleres poderán xogar a liga feminina e a súa vez a absoluta. Os homes só poderán ser inscritos na liga absoluta.
- 1.8. Un xogador non poderá inscribirse nun equipo fora dos prazos habilitados para tal efecto, cuxas datas serán comunicadas pola asociación coa debida antelación a través da web oficial. Estes prazos abríranse xenericamente antes do inicio da tempada e antes da segunda volta da liga.
- 1.9. Para que un equipo ou xogador considérese inscrito na liga e copa galega deberá entregar nos prazos previstos pola asociación toda a documentación esixida, en caso contrario non poderá ser admitido.
- 1.10. Un xogador só poderá inscribirse nun único equipo e ademais deberá contar co permiso do presidente do mesmo. No caso das mulleres, poderán inscribirse nun só equipo de cada liga (absoluta e feminina).

- 1.11. Para poder participar como xogador na liga e copa galega é requisito indispensable ter cumpridos 12 anos, sendo considerado xuvenil ata cumprir os 18 anos. Necesitarase a correspondente autorización por parte do pai, nai ou titores legais ata que non se acade a maioría de idade, sendo estes os únicos responsables de incidentes ou outros na cancha durante as partidas dos menores. Así mesmo, estes xogadores xuvenís terán que acatar este regulamento.
- 1.12. Un xogador que habendo disputado algunha partida na primeira volta cun equipo, non poderá inscribirse na segunda volta de liga por outro equipo da mesma división ou inferior.
- 1.13. Un equipo que por calquera circunstancia perdera parte dos seus xogadores, quedando con 4 ou menos no equipo, poderá fichar fora dos prazos habilitados, coa condición de dar de baixa xogadores do equipo, ata alcanzar un total de 4 xogadores activos. No caso dos equipos femininos, o número máximo de xogadores activos será de 2.
- 1.14. Os xogadores que haxan sido dados de baixa en virtude do disposto no punto anterior non poderán ser dados de alta noutro equipo ata finalizar a tempada.
- 1.15. Un equipo que habendo sido inscrito e houberse recibido a documentación correspondente, no caso de retirarse perderá todos os dereitos nas competicións, así como os puntos que puidera haber obtido. Asemade, non terá dereito a devolución da inscrición, nin premios gañados nas competicións.
- 1.16. A admisión de socios cada tempada será ditaminada pola Xunta Directiva respectando os criterios de imparcialidade e non discriminación, dependendo de expedientes previos dos asociados nas competicións e o seu comportamento na entidade.
- 1.17. Cada local habilitado pola Asociación Deportiva DARDOS GALICIA para disputar as diferentes competicións organizadas poderán inscribir tantos equipos como poidan atender simultaneamente para respectar escrupulosamente os apartados sobre "Datos e Horarios" deste regulamento e e "Normas Xerais do Xogo" do regulamento de xogo, velando especialmente polas interferencias entre os equipos así como a habitabilidade, comodidade e cortesía cos equipos visitantes.

2. Distribución de equipos.

- 2.1. Constituiranse tantas divisións como sexan necesarias para o bo funcionamento da liga. Así mesmo, as divisións poderán ser formadas en localidades independentes ou próximas unas

doutras. No caso de existir numerosos equipos novos nas distintas localidades o Comité de Competición determinará a selección de divisións e a composición das mesmas en función das localidades ou outros motivos.

- 2.2. A distribución dos equipos inscritos farase en base as clasificacións obtidas polos equipos na tempada inmediatamente anterior e repartiranse os equipos novos entre as divisións inferiores.
- 2.3. Por norma xeral, en cada división descenderán os 2 últimos equipos clasificados a unha división inferior e ascenderán os 2 primeiros equipos clasificados a unha división superior. No caso de darse equipos novos ao comezo de tempada ou pola contra, a non inscrición de equipos da tempada anterior que poidan alterar a formación das divisións, será estudado o caso e resolto polo Comité de competición, modificando as divisións ou a composición das mesmas.
- 2.4. Os equipos que ascendan non poderán renunciar á categoría superior se reciben as becas ou trofeos correspondentes.
- 2.5. Os equipos xogarán co mesmo nome da tempada anterior na categoría que lle corresponda. No suposto que un equipo non desexe competir na categoría que lle corresponda, obrigatoriamente pasará á última división tendo que cambiar o nome por completo e ascendendo de posto o seguinte equipo correlativo. Do mesmo xeito, e de habelas, perderán as becas, opcións, garantías, dereitos e agasallos.

3. Sistema de xogo e puntuación

- 3.1. As partidas levaranse disputaranse polo sistema de sets. En total disputaranse 7 sets. En cada partida disputaranse os 7 sets de xeito obrigatorio.
- 3.2. Os cinco primeiros sets xogaranse de xeito individual enfrontando un xogador de cada equipo. Para xogar os dous sets restantes constituíranse parellas en cada equipo e enfrontaranse coas do equipo contrario.
- 3.3. No caso da liga feminina, xogaranse 2 sets de xeito individual na primeira quenda, a continuación 1 de parellas, e rematará con outros 2 sets individuais na quenda final. Xogaranse todos os sets de xeito obrigatorio, ou sexa os 5.
- 3.4. Cada un dos sets xogárase á modalidade de 501 descrita no regulamento de xogo da Asociación Deportiva DARDOS GALICIA ao mellor de 5 patas; o xogador que consiga 3 xogos

gañará a partida e darase a mesma como finalizada, apuntándose un punto ao seu equipo.

- 3.5. Na liga feminina xogarase a mesma modalidade de 501 coa diferenza de que cada set será ao mellor de 3 patas; o xogador que consiga 2 xogos gañará a partida e darase a mesma como finalizada, apuntándose un punto ao seu equipo.
- 3.6. No caso que un equipo non dispoña de xogadores totais para xogar algún set, o punto será para o equipo contrario. No caso de que os dous equipos non dispoñan xogador para algún set, o punto contará a favor do equipo visitante.
- 3.7. Ao remate de cada encontro e de cara a clasificación dos equipos, darase tres puntos ao equipo gañador e un punto ao equipo perdedor.
- 3.8. Ao final dunha liga e cando dous ou máis equipos empaten a puntos iguais, no primeiro lugar mirarase o resultado particular entre os equipos empatados (dart average), de seguir igualados miraranse as patas totais de ambos na liga e no caso de que sigan empatados realizarase, de ser relevante, un único partido de desempate en cancha neutral coa data e lugar que designe o Comité de Competición.
- 3.9. No caso de liguilla final, play-offs ou outras modalidades seguirase mirando da mesma maneira, salvo acordos do Comité de Competición que comunicarase con antelación antes dos eventos ou na web.
- 3.10. Teranse en conta de cara a entrega de premios ao final de tempada tanto os 180 realizados por cada xogador como os mellores peches, maior puntuación na última tirada, e as mellores partidas, menor cantidade de dardos para acadar a puntuación de 501.
- 3.11. Tanto os mellores peches de partida como partidas realizadas en determinados dardos só valerá o mellor número de puntuación ou dardos, non tendo validez pechaduras ou partidas realizadas polo mesmo xogador igualando a anterior que o mesmo xogador xa posúe e polo tanto non se escribirá no acta oficial da partida. (exemplo, se existe un peche de 170 dun socio realizado 5 veces e outro cun peche só, tamén de 170, ambos os dous teñen o mesmo valor contando soamente un a cada un).

4. Inicio de partida.

- 4.1. Os equipos deberán estar presentes e listos para xogar as partidas oficiais dentro das datas e horas estipuladas pola

Asociación Deportiva DARDOS GALICIA. Para que un equipo poida considerarse presentado á hora de comezo deberá ter un mínimo de 3 xogadores presentes.

- 4.2. Ao inicio do encontro so cubriranse de xeito obrigatorio os 3 primeiros sets, non poderá situarse nestes sets a ningún xogador que non estea presente. Os catro sets restantes cubriranse ao inicio de cada unha deles, tendo que estar presentes os xogadores nese momento.
- 4.3. Para o inicio das partidas da liga feminina, deberán estar presentes dúas xogadoras de cada equipo, e se cubrirán de xeito obrigatorio os 2 primeiros sets.
- 4.4. O capitán do equipo local será o primeiro que cumprimente a súa aliñación, podendo ocultala antes de que o capitán do equipo visitante cumprimente a súa.
- 4.5. Cada xogador só poderá disputar un dos sets individuais dos que se compón a partida e outro dos de parellas.
- 4.6. No caso da liga feminina cada xogadora poderá participar nun dos sets da primeira quenda, na partida de parellas e noutro set da última quenda sempre e cando non se enfrente a mesma rival que na primeira quenda.
- 4.7. Será obrigatorio que cada xogador presente o carné de asociado antes do comezo das partidas para poder participar nelas. Así mesmo, os xogadores deberán presentarse ás partidas debidamente uniformados cos distintivos do seu equipo.
- 4.8. O encontro oficial deberá de empezar na orde preestablecido no sistema de xogo e a hora indicada neste regulamento de liga.
- 4.9. Cando un xogador por calquera circunstancia non poida acabar unha pata, perderá a pata actual e un dos suplentes ocupará o seu lugar. O xogador retirado non poderá xogar máis no encontro. Esta situación será reflectida no acta.
- 4.10. Ante calquera anomalía o capitán ou delegado serán as únicas persoas con capacidade de suspender unha partida e comunicalo nas observacións da acta.
- 4.11. Se á hora de inicio da partida, un equipo non cumpriše cos requisitos mínimos (xogadores, equipamento, etc.) perderá o encontro dándose por ganador ao equipo contrario por 7-0 ou 0-7, dependendo da condición de local ou visitante do equipo. Se ningún dos dous equipos preséntase á partida, ambos serán considerados perdedores.

4.12. A non presentación a unha partida suporá, ademais do exposto no punto anterior, a perda do punto que se lle asigna ao equipo perdedor.

4.13. Se un equipo non se presenta na primeira volta da Liga na disputa dun partido que debería xogar en cancha contraria a maiores do exposto nos puntos anteriores, o partido de volta celebrarase nesa mesma cancha que non se presentou, sempre e cando sexa posible.

5. Actas oficiais.

5.1. Soamente os delegados ou capitáns de ambos equipos cubrirán o acta Oficial de Xogo para cada partida de liga disputada.

5.2. As actas oficiais confeccionaranse por triplicado e só terán validez as distribuídas pola Asociación Deportiva DARDOS GALICIA. Ditas actas, unha vez cubertas repartiranse do seguinte xeito; orixinal para presentar á Asociación Deportiva DARDOS GALICIA, segunda acta para equipo local e a terceira acta para o equipo visitante.

5.3. No caso da non presentación dun equipo, o acta deberá ser cumprimentada polo equipo presentado e facer constar nela a ausencia do equipo contrario.

5.4. No caso de que ningún dos dous equipos estivesen presentes, comunicarase inmediatamente a Asociación.

5.5. As actas deberán ser cumprimentadas co nome real dos delegados ou capitáns. Toda acta redactada de mala fé, engano ou manipulación de datos, será sancionada consonte a normativa da Asociación.

5.6. Todas as actas de encontro deberán ser entregada na sede da Asociación cun prazo máximo de 4 días naturais.

6. Datás e horarios.

6.1. O calendario dos encontros será o estipulado pola Asociación Deportiva DARDOS GALICIA ao inicio da tempada. Dito calendario será entregado xunto coa documentación na reunión de delegados previa ao inicio de liga.

6.2. No calendario estará especificada tanto a data como os equipos que actuarán como locais e visitantes en cada unha das xornadas das que se compón a liga.

6.3. A Asociación Deportiva DARDOS GALICIA resérvase o dereito de efectuar as rectificacións que xulgue necesarias para o

mellor funcionamento da competición, dando coñecemento por escrito, a través da web ou verbalmente canto antes aos equipos implicados.

6.4. Os días e horas de xogo das xornadas de liga serán obrigatoriamente os seguintes:

6.4.1. Liga Absoluta, xogarase os venres cos seguintes horarios:

- Inicio entre as 21:00h e as 21:30h entre equipos dunha mesma localidade.
- Inicio entre as 21:30h e as 22:00h entre equipos de distinta localidade.

6.4.2. Modalidade feminina, xogarase os sábados cos seguintes horarios:

- Inicio entre as 17:00h e as 17:30h entre equipos de calquera localidade.

6.5. As partidas de liga poderán adiantarse da súa data a condición de que os equipos implicados estean de acordo e entreguen na Asociación (ou a envíen por e-mail) cun mínimo dun día de antelación antes da partida a Solicitud de Adiantamento debidamente cumprimentada.

6.6. En calquera caso e co fin de non desvirtuar resultados na clasificación (ascensos e descensos, influencias na clasificación) non está permitido adiantar as partidas de mutuo acordo nas ultimas catro xornadas de liga.

6.7. No caso de forza maior (enfermidades, accidentes, forzas da natureza) de última hora na que un equipo non poida presentarse ou celebrar o seu encontro no lugar que lle corresponde, deberá de comunicalo a o Comité de Competición e este será o encargado de comunicalo ao equipo contrario. A si mesmo, dito comité decidirá un lugar e data para o súa disputa.

6.8. As partidas de liga non poderán disputarse despois das datas oficiais, salvo as contempladas no punto anterior.

6.9. E obrigatorio ao termo dos encontros comunicar por SMS ao **600323778**, o resultado dos partidas, para enviar á web e prensa. As alienacións, os 180s, mellores partidas e peches revisaranse polo Comité de Competición nas actas.

6.10. A Asociación informará dos resultados das competicións e eventos en xeral a todos os asociados a través da web oficial.

7. Dereitos e deberes.

7.1. Presidente de equipo.

- 7.1.1. Nomear ao resto de cargos do equipos.
- 7.1.2. Inscribir aos xogadores no seu equipo.
- 7.1.3. Inscribir ao seu equipo en competicións oficiais.

7.2. Delegado de equipo.

- 7.2.1. Ser o portavoz oficial do equipo ante a Asociación, en reunións de calquera índole, sendo a súa presenza obrigatoria ou designar a outra persoa do seu equipo por escrito para a reunión determinada.
- 7.2.2. Manter informado ao seu equipo das novas que puideran xurdir na web da Asociación, e de notificalas se fose necesario.
- 7.2.3. Comunicar os resultados dos partidos nos que participe o seu equipo á Asociación.
- 7.2.4. Comprobar e asinar, si procede, o acta de cada encontro.
- 7.2.5. Responsabilizarse a todos os niveis do comportamento do seu equipo, tendo o recoñecemento absoluto da Asociación con todos os dereitos e obrigacións que se lles poida derivar.

7.3. Capitán de equipo.

- 7.3.1. Presentar a aliñación ao inicio das partidas do seu equipo.
- 7.3.2. Será portavoz oficial dos xogadores ante os xuíces de encontro.
- 7.3.3. Coidará de manter a orde de xogo e observará atentamente o desenvolvemento do encontro.
- 7.3.4. Terá poder para interromper momentaneamente o xogo e poder realizar as consultas correspondentes co xuíz de encontro que estea desempeñando a súa función nese momento.
- 7.3.5. Comprobar e asinar, si procede, o acta de cada encontro.

7.4. Xuíz de encontro.

- 7.4.1. Apuntar ou delegar as puntuacións obtidas polos xogadores durante a partida.
 - 7.4.2. Comprobar a aliñación que realicen os equipos sexa correcta e expoñerla a xogadores e espectadores.
 - 7.4.3. Indicar o comezo do encontro, sets, partidas, etc.
 - 7.4.4. Ser os máximo responsables de observar as partidas e facer que se cumpra o regulamento.
 - 7.4.5. Será nomeado libremente polos equipos, tendo en conta que deben ser persoas que coñezan o regulamento, podendo ser xogadores de calquera dos equipos.
- 7.5. Xogadores.
- 7.5.1. Os xogadores dos equipos deberán coñecer o regulamento de xogo, e deberán respectalo e facelo respectar aos seus contrarios, capitán, xuíces, delegados e público que puidese estar observando o encontro.
 - 7.5.2. Deberán utilizar o uniforme cos distintivos do equipos.
 - 7.5.3. Estarán sometidos ás ordes do capitán do seu equipo, ao cal deberán dirixirse no caso dalgunha circunstancia ou incidencia que se puidese producir no transcurso dunha partida.